



Guía para o establecemento dos obxectivos nos plans de xestión de nova incorporación con inicio de vixencia no ano 2020. Recursos xerais e recursos específicos.

De acordo co Decreto 153/2019, do 21 de novembro polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros, nos plans de xestión de marisqueo deberán establecerse unha serie de obxectivos xerais - biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos- a acadar co desenvolvemento da actividade a través do plan, ós cales o seu tempo deberán concretarse en obxectivos operacionais, ligados a indicadores con valores obxectivo a acadar ou evitar en base a determinados niveis de referencia atopados na bibliografía ou nos rexistros históricos do indicador na zona ou no plan.

A proposta do plan debera incorporar o listado de obxectivos coas diferentes variables asociadas. Para aclarar e facilitar a cumprimentación deste apartado, neste documento expónse un listado de posibles obxectivos de cada tipo para incluír nas propostas de plans de xestión de marisqueo de nova incorporación que se presenten para a súa vixencia no ano 2020 no caso dos recursos xerais, e para o bienio 2020-2021 no caso dos recursos específicos.

A este respecto, danse as seguintes indicacións:

1. Establécense tres grupos de obxectivos xerais a acadar co desenvolvemento da actividade do plan: biolóxicos, ecolóxicos ou socioeconómicos. Cada obxectivo xeral concretase nun ou máis obxectivos operacionais, cuxa evolución obsérvase a través da evolución dun indicador, que pode expresarse cunha ou máis variables.
2. Todos os obxectivos que se inclúan na proposta do plan deberán expoñerse co seguinte esquema de información.
 - Especie obxectivo, banco marisqueiro, etc. ,segundo corresponda
 - Obxectivo xeral
 - Obxectivo operacional
 - Indicador
 - Variable
 - Unidade de medida
 - Valor actual
 - Valor obxectivo para o ano 1
 - Valor obxectivo para o ano 2
 - Valor obxectivo para o ano 3
 - Nivel de referencia para os anos 1, 2 ,3
 - Fonte



3. Os valores obxectivo indican o valor que se pretende que acade o indicador co desenvolvemento das estratexias establecidas no plan. O nivel de referencia é un valor informativo que figura na bibliografía ou que provén do coñecemento experto en relación ó cal establecer o valor obxectivo

Os valores obxectivo e niveis de referencia serán establecidos para cada un dos anos de vixencia do plan, non sendo necesarios nesta ocasión cubrir os correspondente aos anos 2 e 3 para plans de xestión de nova incorporación de recursos xerais para o ano 2020, ou ao ano 3 para plans de recursos específicos do bienio 2020-2021.

Exemplo:

- Obxectivo operacional: Reducir/manter a presenza de exemplares non comerciais nas capturas de ameixa babosa
 - Indicador: Porcentaxe de exemplares non comerciais nas capturas
 - Valor actual: 35%
 - Valor obxectivo ano n: 15%
 - Nivel de referencia: 5%. (Neste caso correspondería coa mínima porcentaxe rexistrada no histórico de controis de lonxa do plan).
4. Para cada indicador sinalarase unha fonte de datos, que é o documento ou arquivo accesible polo persoal técnico da consellería do Mar, onde figurarán os valores actualizados que van tomando os indicadores durante o desenvolvemento do plan (Follas AT, follas FEMP.)
5. Xunto coa definición dos obxectivos deberá achegarse unha descrición das estratexias de actuación previstas para acadar os obxectivos de cada grupo (biolóxico, ecolóxicos e socioeconómicos).
6. Os obxectivos biolóxicos poderán ser establecidos para especies concretas ou para a totalidade das especies contempladas no plan. Poderase establecer un mesmo obxectivo operacional para máis dunha especie.
7. Os obxectivos ecolóxicos poderán ser propostos para un banco marisqueiro concreto ou, de ser o caso, para o conxunto de zonas do plan. Poderase establecer un mesmo obxectivo operacional para máis dunha zona ou banco.
8. O documento **Adaptación dos procedementos técnicos.pdf** explica de xeito resumido os fundamentos para a definición dos obxectivos dos plans de xestión.
9. Co arquivo **Formulario obxectivos.xls** facilítase a construción das táboas de obxectivos do plan, de acordo coa táboa de obxectivos estándar e as indicacións dadas. Cando se preme co botón esquerdo do rato nunha cela, xurde unha frecha á dereita, ó premela ábrese un menú que permite elixir unha das opcións dispoñibles para esa categoría.



Unha vez cumprimentado o formulario, xunto coa solicitude achegaranse:

- O arquivo **Formulario obxectivos.xls** cuberto cos obxectivos definidos e os seus campos correspondentes cumprimentados, así como as estratexias de actuación previstas para cada grupo de obxectivos
- O formulario cumprimentado e impreso nun **Anexo Obxectivos**, que se achegará preferentemente unido no mesmo documento. pdf da proposta do plan.

Obxectivos biolóxicos estándar

Espece obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
Espece obxectivo	Incrementar/ manter o stock	Incrementar/manter a abundancia en outono	Índice de abundancia total en outono	Densidade	ind/m ²	ATO
				Biomasa	g/m ²	ATO
				Cobertura	%	ATO
				CPUE	ind/min	ATO
				CPUE	g/min	ATO
				DAFOR	Categoría	
			Índice de abundancia comercial en outono	Densidade	ind/m ²	ATO
				Biomasa	g/m ²	ATO
				Cobertura	%	ATO
				CPUE	ind/min	ATO
				CPUE	g/min	ATO
				DAFOR	Categoría	
			Volume total del stock comercial en outono	Volume do stock comercial	kg	ATO
			Espece obxectivo	Incrementar/ manter o stock	Incrementar/manter o tamaño dos exemplares en outono	Tamaño máximo dos exemplares da poboación en outono
Peso	g	ATO				
Volume	uds/cc	ATO				
Percentil 95 da poboación en outono	Lonxitude	mm				ATO
	Peso	g				ATO
	Volume	uds/cc				ATO
Algas en xeral	Incrementar/ manter o stock	Incrementar/manter a abundancia en primavera	Índice de abundancia total en primavera	Densidade	ind/m ²	ATO
				Biomasa	g/m ²	ATO
				Cobertura	%	ATO
				CPUE	ind/min	ATO

Especie obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
				DAFOR	Categoría	
			Volume total del stock en primavera	Volume do stock	kg peso fresco	AT0
			Extensión da pradeira	Superficie	m ²	AT0
			Ancho medio da cintura	Anchura	m	AT0
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a calidade do stock	Incrementar/manter o tamaño dos exemplares en outono	Tamaño máximo da poboación en outono	Lonxitude	mm	AT0
				Peso	g	AT0
				Volume	uds/cc	AT0
			Percentil 95 da poboación en outono	Lonxitude	mm	AT0
				Peso	g	AT0
				Volume	uds/cc	AT0
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a calidade das capturas	Incrementar/manter o tamaño dos exemplares capturados	Tamaño medio dos exemplares capturados	Lonxitude	mm	AT2
				Peso	g	AT2
				Volume	uds/cc	AT2
			Tamaño máximo dos exemplares capturados	Lonxitude	mm	AT2
				Peso	g	AT2
				Volume	uds/cc	AT2
			Percentil 95 dos exemplares capturados	Lonxitude	mm	AT2
				Peso	g	AT2
				Volume	uds/cc	AT2
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a calidade das capturas	Reducir/manter a presenza de exemplares non comerciais nas capturas	Porcentaxe de exemplares non comerciais nas capturas	Porcentaxe de individuos non comerciais	%	AT2
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a calidade das capturas	Reducir/manter a presenza de exemplares rotos	Porcentaxe de exemplares rotos	Porcentaxe de individuos	%	AT2
				Porcentaxe en peso	%	AT2

Especie obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a calidade das capturas	Minimizar a mestura de especies nos lotes	Mestura de especies	Porcentaxe de individuos doutras especies	%	AT2
				Porcentaxe en peso doutras especies	%	AT2
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a calidade das capturas	Minimizar a presenza de exemplares de percebes alongados	Porcentaxe de percebes alongados	Porcentaxe de individuos alongados	%	AT2
				Porcentaxe en peso de individuos alongados	%	AT2
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a calidade das capturas	Reducir/manter a diferenza entre capturas brutas e netas de percebe	Relación capturas netas/bruta	Porcentaxe en peso	%	AT2
Algas en xeral	Incrementar/ manter a calidade das capturas	Minimizar os descartes nas capturas por non axustarse aos estándares de calidade	Porcentaxe de exemplares descartados	Porcentaxe de exemplares descartados	%	AT2
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a capacidade reprodutiva do stock	Incrementar/manter a biomasa de reprodutores.	Biomasa de reprodutores en primavera	Peso total de reprodutores	kg	ATO
				Biomasa de individuos de tamaño comercial en primavera	Peso total de individuos de tamaño comercial en primavera	kg
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a capacidade reprodutiva do stock	Incrementar/manter o índice de biomasa de reprodutores	Índice de biomasa de reprodutores en primavera	Densidade de biomasa de reprodutores en primavera	g/m ²	ATO
				CPUE de reprodutores en primavera	g/min	ATO
				Densidade de individuos de tamaño comercial en primavera	g/m ²	ATO

Espece obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
Espece obxectivo	Incrementar/ manter a capacidade reprodutiva do stock	Incrementar/manter a porcentaxe de individuos de tamaño comercial en primavera.	% do índice de abundancia	CPUE individuos de tamaño comercial en primavera	g/min	ATO
				% da Densidade	%	FEMP 3.2.3
				% da Cobertura	%	FEMP 3.2.3
				% da CPUE	%	FEMP 3.2.3
Espece obxectivo	Incrementar/ manter a capacidade reprodutiva do stock	Incrementar/manter a proporción de individuos de tamaño superior ao tamaño de primeira madurez sexual en primavera	% do índice de abundancia	% da Densidade	%	FEMP 3.3.1
				% da Cobertura	%	FEMP 3.3.1
				% da CPUE	%	FEMP 3.3.1
Algas en xeral	Incrementar/manter a capacidade de crecemento e/ou reprodución da poboacións de algas	Incrementar/manter a superficie de rotación	Superficie dos bancos sen explotar	% da superficie non colleitada	%	ATO
		Incrementar/manter a taxa de exemplares sen apañar en outono	Poboación sen apañar en outono	% Densidade en outono fronte á primavera	%	ATO
			% Biomasa en outono fronte á primavera	%	ATO	
<i>Laminaria spp</i>	Incrementar/manter a capacidade de crecemento e/ou reprodución da poboacións de algas	Minimizar a porcentaxe de exemplares < 80 cm nas capturas	Porcentaxe de exemplares < 80 cm nas capturas	% exemplares < 80 cm nas capturas	%	ATO
		Minimizar a presenza de exemplares con meristema ou con estipe nas capturas	Porcentaxe de exemplares con meristema ou con estipe nas capturas	Porcentaxe de exemplares con meristema ou con estipe	%	ATO

Especie obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
		Incrementar/manter a taxa de exemplares con meristema en outono	Porcentaxe de exemplares con máis de 10 cm de meristema en outono	% estipes con máis de 10 cm de meristema	%	ATO
				Densidade de estipes con máis de 10 cm de meristema	ind/m ²	ATO
				CPUE estipes con máis de 10 cm de meristema	ind/min	ATO
<i>Chondrus crispus</i> , <i>Codium spp</i>	Incrementar/manter a capacidade de crecemento e/ou reprodución da poboacións de algas	Incrementar/manter a taxa de discos con individuos de máis de 10 cm en outono	Discos con individuos de máis de 10 cm en outono	% discos con individuos de máis de 10 cm	%	ATO
				Densidade de discos con individuos de máis de 10 cm	ind/m ²	ATO
				CPUE de discos con individuos de máis de 10 cm	ind/min	ATO
<i>Ascophylum nodosum</i> , <i>Fucus spp</i>	Incrementar/manter a capacidade de crecemento e/ou reprodución da poboacións de algas	Incrementar/manter a taxa de discos con individuos de máis de 20 cm en outono	Discos con individuos de máis de 20 cm en outono	% discos con individuos de máis de 20 cm	%	ATO
				Densidade de discos con individuos de máis de 20 cm	ind/m ²	ATO
				CPUE de discos con individuos de máis de 20 cm	ind/min	ATO
<i>Ascophylum nodosum</i> , <i>Fucus spp</i> , <i>Porphyra spp</i> , <i>Ulva spp</i>	Incrementar/manter a capacidade de crecemento e/ou reprodución da poboacións de algas	Minimar a presenza de exemplares enteiros nas capturas	Exemplares enteiros nas capturas	Porcentaxe de exemplares enteiros	%	AT2
<i>Chondrus crispus</i> , <i>Mastocarpus stellatus</i> ,	Incrementar/manter a capacidade de crecemento e/ou reprodución da poboacións de algas	Minimar a presenza de exemplares de < 10 cm de ancho nas capturas	Exemplares < 10 cm lonxitude nas capturas	Porcentaxe de exemplares < 10cm lonxitude	%	AT2

Especie obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
<i>Gigartina spp</i>						
<i>Undaria pinnatifida e outras invasoras</i>	Reducir a capacidade de crecemento e/ou reprodución da poboacións de algas	Reducir a presenza da especie	Presenza de individuos en primavera	Densidade	uds/m ²	ATO
				Biomasa	g/m ²	ATO
				CPUE	ind/min	ATO
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a presenza de grandes reprodutores	Incrementar/Manter o tamaño das especies explotadas	Tamaño máximo dos exemplares capturados	Biomasa	mm	AT2
				CPUE	g/min	AT2
				uds por volume	uds/cc	AT2
			Percentil 95 dos exemplares capturados	Lonxitude	mm	AT2
				Peso	g	AT2
				uds por volume	uds/cc	AT2
Especie obxectivo	Incrementar/ manter a presenza de grandes reprodutores	Incrementar/Manter a lonxitude máxima media da poboación en primavera	Tamaño máximo dos exemplares en primavera	Lonxitude	mm	ATO
				Peso	g	ATO
				uds por volume	uds/cc	ATO
			Percentil 95 da poboación en primavera	Lonxitude	mm	ATO
				Peso	g	ATO
				uds por volume	uds/cc	ATO

Obxectivos ecolóxicos estándar

Banco obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
Banco obxectivo	Aumentar/ manter a biodiversidade nos bancos marisqueiros	Mellorar/manter as características do substrato	Composición granulométrica Oxixenación	Tamaño medio de grano	mm	FEMP 1.2.1.1.1.1.1
				Moda granulométrica	mm	FEMP 1.2.1.1.1.1.1
				Porcentaxe de finos	%	FEMP 1.2.1.1.1.1.1
				Profundidade mínima da capa de cambio redox	cm	FEMP 1.2.1.1.1.1.3
Banco obxectivo	Controlar a presenza e o impacto de especies alóctonas e/ou invasoras	Reducir a presenza e impacto de especies alóctonas invasoras	Presenza de especies alóctonas e/ou invasoras	Nº de mostras con presenza de especies alóctonas e/ou invasoras	número	FEMP 2.2.1; FEMP 2.2.3
				Lonxitude de costa afectada	m	FEMP 2.2.2; FEMP 2.2.3
				Superficie afectada	m ²	FEMP 2.2.2; FEMP 2.2.3
			Tratamento de especies alóctonas e/ou invasoras	Volume retirado	m ³	FEMP 2.2.2; FEMP 2.2.3
				Peso retirado	kg	FEMP 2.2.2; FEMP 2.2.3
Banco obxectivo	Manter a integridade do solo mariño	Incrementar/ Manter a superficie útil para a actividade marisqueira	Superficie recuperada	Superficie útil	m ²	FEMP 6.2
Banco obxectivo	Controlar a presenza de lixo mariño	Incrementar/ Manter o esforzo de limpeza de lixo mariño	Presenza de lixo mariño	Porcentaxe de mostras con presenza de lixo mariño	%	FEMP 10.1; FEMP 10.2
				Lonxitude de costa afectada	m	Indicar
				Superficie afectada	m ²	Indicar
			Tratamento de lixo mariño	Volume retirado	m ³	FEMP 10.2.2; FEMP 10.2.3

Banco obxectivo	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
				Peso retirado	kg	FEMP 10.2.2; FEMP 10.2.3
				Días anuais de limpeza de lixo	días	Indicar
				Personas/día anuais de limpeza de lixo	persoas/día	Indicar

Obxetivos socioeconómicos estándar

Obxectivo Xeral	Especie obxectivo	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
Xerar postos de traballos directos na zona		Aumentar/Manter o número de participantes	Participantes previstos no plan	Nº de participantes previstos no plan	nº	AT2
Incrementar/ manter a asistencia á extracción		Incrementar/Manter a proporción entre asistentes diarios e autorizados	Proporción entre asistentes diarios e autorizados	Media anual de participantes diarios fronte a autorizados previstos	%	AT2
Mellorar / manter as rendas dos participantes	Conxunto das especies	Incrementar/Manter os Ingresos medios dos participantes	Ingresos medios mensuais por participante	€/participante/mes	€	AT2
		Incrementar/Manter os ingresos totais dos participantes	Ingresos por participante e ano	€/participante/ano	€	AT2
	Especie obxectivo	Incrementar/Manter os ingresos dos participantes na especie obxectivo	Ingresos anuais por participante pola a especie obxectivo	€/participante/mes	€	AT2
		Incrementar/Manter os ingresos medios dos participantes na especie obxectivo	Ingresos medios mensuais por participante pola a especie obxectivo	€/participante/ano	€	AT2
Mellorar a eficiencia do plan	Especie obxectivo	Incrementar/Manter o prezo medio da especie obxectivo	Prezo medio da especie obxectivo	Prezo medio anual	€/kg	AT2
Mellorar os ingresos do plan	Conxunto das especies	Incrementar/Manter os ingresos totais anuais	Ingresos anuais do plan	€/ano	€	AT2
	Especie obxectivo	Incrementar/Manter os ingresos totais anuais pola especie obxectivo	Ingresos anuais pola especie obxectivo	€/ano	€	AT2
Incrementar a presenza feminina		Incrementar a presenza feminina no marisqueo a flote	Mulleres enroladas no marisqueo a flote	% mulleres enroladas	%	Indicar

Obxectivo Xeral	Especie obxectivo	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Fonte
		Incrementar a presenza feminina no plan	% de mulleres participando no plan	% mulleres	%	Indicar
Rexuvenecer o sector do marisqueo		Reducir/manter a media de idade dos participantes	Idade media dos participantes	Idade media	Anos	Indicar
Diversificar os ingresos do marisqueo		Incrementar os ingresos de actividades non extractivas	Ingresos anuais por actividades non extractivas	Ingresos por rutas guiadas	€	Indicar
				Ingresos por rutas guiadas a escolares	€	Indicar
				Ingresos por actividades gastronómicas	€	Indicar
				Ingresos por pesca turismo	€	Indicar
Valorizar os residuos e produtos de limpeza de bancos		Incrementar/manter os ingresos anuais por valorización de residuos	Ingresos anuais por actividades de retirada e valorización de lixo mariño	Ingresos anuais	€	Indicar